



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Abril 2025



DESTINOS URBANOS DE GALICIA

Abril 2025

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	45.380	5.520	82.531	14.333	12.338	14.931	35.116
Noites	88.488	11.145	135.304	30.627	20.881	20.050	56.892
Var. Viax. 24/23	20,2%	-33,9%	1,1%	16,0%	22,6%	14,6%	-10,4%
Var. Noites 24/23	28,2%	-21,6%	1,6%	17,2%	10,7%	4,0%	-15,7%
Estadía Media	1,95	2,02	1,64	2,14	1,69	1,34	1,62
Var. EM 24/23	6,6%	18,5%	0,5%	1,0%	-9,7%	-9,2%	-5,9%
% Ocupación	56,0%	34,9%	60,0%	48,9%	52,4%	50,5%	35,2%
Var. Ocupac. 24/23	12,73	-8,82	1,85	4,11	4,39	1,62	-6,75
Prazas	5.241	1.060	7.442	2.085	1.313	1.311	5.356
Var. Prazas 24/23	-1,0%	-1,9%	-1,5%	7,4%	0,4%	0,6%	0,4%

- No mes de abril deste ano 2025 os destinos urbanos de Galicia presentan un importante nivel de demanda. En termos globais rexístranse 210 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 363 mil noites nos establecementos hoteleiros das cidades de Galicia. Supón isto que o turismo urbano representa o 49% do total da comunidade -unha de cada dúas noites en Galicia-, a porcentaxe máis baixa dos últimos seis meses e inferior tamén á de abril do pasado ano -en 2024 o peso do turismo urbano situábase no 52% do total de Galicia-. No verán o peso do turismo urbano diminúe por debaixo do 40% entre outros motivos polo incremento que se produce nos restantes destinos da comunidade -litoral galego, Camiño de Santiago, etc-.
- En abril sitúase novamente Santiago, por segunda vez consecutiva, como o destino líder do turismo urbano en Galicia -substituíndo a A Coruña que puntualmente liderou o ranking a nivel autonómico en febreiro, e a Vigo que o fixo en decembro por mor da celebración do Nadal-. Con algo máis de 135 mil noites a cidade compostelá absorbe o 37% do total do turismo urbano -unha de cada tres noites-



e o 18% do conxunto da comunidade. Sitúanse a continuación A Coruña -a certa distancia, con 88 mil pernoctacións- e Vigo -a maior distancia neste caso, con 57 mil noites-. A pesar das diferenzas unha vez máis boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres cidades pois representan en conxunto o 77% das noites hoteleiras urbanas de Galicia –porcentaxe tres puntos inferior á de xaneiro e febreiro-.

- O 23% restante concéntrase nas outras catro cidades sendo neste caso Ferrol o destino de menor volume e peso neste cuarto mes – absorbe o 3,1% do total urbano-. En síntese, o reparto territorial entre as tres grandes cidades e o resto mantense relativamente estable mais con diferenzas a nivel interno.
- En termos dinámicos rexístrase neste mes un comportamento positivo da demanda a nivel urbano por canto o volume de noites no conxunto das sete cidades de Galicia sobe un 4,3% -grazas ao crecemento da cifra de viaxeiros aloxados, do 3,8% neste caso-. É o cuarto mes consecutivo, e undécimo no último ano, no que se rexistra un comportamento positivo da demanda nos destinos urbanos de Galicia.
- Internamente obsérvase, en cambio, un comportamento variable. Así, o volume de noites increméntase en cinco cidades, con maior intensidade en A Coruña -coa suba do 28%- e con maior moderación en Santiago -co crecemento do 2% interanual-. Engádense a este grupo Lugo, Ourense e Pontevedra, con subas do 17%, 11% e 4%, respectivamente. O nivel de demanda descende, en cambio, nas dúas cidades restantes -un 16% en Vigo e un 22% en Ferrol-. Esta última moi vinculada ás celebracións da Semana Santa mais o forte descenso da cidade departamental xa se viña observando nos primeiros tres meses deste ano.
- Así pois apréciase un comportamento positivo nalgunhas das cidades que habitualmente teñen un maior peso en Galicia -A Coruña e Santiago neste caso- e, pola contra, caídas en Vigo -a segunda consecutiva- e naquela de menor relevancia en termos cuantitativos.
- O comportamento do nivel de demanda vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados con pequenos axustes en sentido positivo ou negativo da estadía media.
- En termos globais o conxunto do turismo urbano en Galicia increméntase nun 4,3% neste mes de abril, porcentaxe que presenta en síntese un crecemento de menor intensidade que o conxunto da comunidade -onde en termos globais o nivel de demanda sobe un 10,7%-. No resto de Galicia, fóra das sete cidades, o nivel de demanda crece con maior intensidade, nun 17,5% neste caso. O diferente dinamismo leva a que o peso do turismo urbano baixe en relación ao mes de abril do pasado ano -en tres puntos porcentuais- situándose no 48,7% do total da comunidade.
- O turismo de ámbito nacional é maioritario en boa parte das cidades consideradas -cinco en particular-, en porcentaxes que van de pouco máis do 60% en Vigo e Ferrol, ao 76% en A Coruña, a case o 80% en Lugo, e a máis do 80% en Ourense -esta última presenta o



maior peso do mercado nacional co 85% do total da demanda-. Neste mes marcan a excepción dous destinos por presentar maior volume e peso do mercado internacional -supón o 53% das noites en Pontevedra e o 56% en Santiago-.

- Acontece isto por vez primeira nos últimos seis meses pois desde novembro ata marzo todas as cidades de Galicia rexistraron, con maior ou menos intensidade, maior volume e peso do turismo nacional fronte ao internacional. O comezo da temporada media coloca neste caso a Santiago e Pontevedra con perfís da demanda diferentes.
- Así pois, esta distribución por mercados nas cidades de Galicia -perfil da demanda no ámbito urbano- difire da dos últimos cinco meses -e tamén do observado no verán- e equivale á observada en setembro e outubro, e tamén no segundo trimestre, de abril a xuño -períodos nos que algunha cidade, unha ou varias, amosan maior presenza do turismo estranxeiro-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos dous segmentos de mercado nas sete cidades de Galicia, con variacións de diversa intensidade, sendo maioría os que presentan incrementos en termos interanuais.
- O turismo de ámbito nacional presenta un comportamento positivo en cinco destinos, con incrementos de maior intensidade en A Coruña -do 31%- e Ourense -do 21%- , e máis suaves en Santiago -do 6% neste caso-. Descende, en cambio, nas dúas restantes cidades -un 20% en Vigo e un 32% en Ferrol-.
- O mercado internacional presenta tamén unha dinámica variable, con comportamento positivo en tres cidades -con subas do 39% en Lugo, do 19% en A Coruña e do 4% en Ferrol. Mantense relativamente estable en Santiago e Pontevedra -xustamente os destinos con maior peso deste segmento- e descende nas dúas cidades restantes -un 7% en Vigo e un 26% en Ourense-.
- Desta maneira tres destinos presentan un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos paralelos para o nacional e o internacional -en A Coruña e Lugo- e caídas de ambos mercados -en Vigo. Nos catro destinos restantes, por tanto, obsérvase unha dinámica dispar e variable, con mellora do turismo de ámbito nacional e internacional en función do caso.
- En termos globais, e para o conxunto dos destinos urbanos, o comportamento de ambos segmentos de mercado cambia levemente en relación ao pasado ano. Neste sentido increméntase en conxunto o turismo de ámbito nacional -nun 7%- mais estabilízase o internacional -en valores parellos aos do pasado ano-. Marca diferenza esta dinámica co observado no conxunto da comunidade onde se aprecia un crecemento importante de ambos segmentos de mercado -do 13% o nacional e do 6% o internacional-.
- A estadía media no conxunto dos destinos urbanos de Galicia sitúase en 1,7 noites, cifra case parella á media da comunidade e similar tamén á media dos destinos non urbanos de Galicia -que fica igualmente no contorno de 1,7 noites-. Este dato varía notablemente nas diferentes cidades acadando o valor máis elevado Lugo -con 2,1 noites- e Ferrol -con 2,0 noites-, e o máis baixo Pontevedra -con 1,3 noites de media-.




- En termos dinámicos a estadía media increméntase de forma notable en Ferrol -en máis dun 15%- e tamén en A Coruña aínda que máis suavemente -un 7% neste caso-. Mantense estable en Santiago e Lugo, e descende, en cambio, nas tres restantes -de forma máis acusada en Ourense e Pontevedra, arredor dun 10% neste caso-.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos varía tamén desde o lado da oferta de aloxamento. Neste mes soamente un destino -Lugo neste caso- rexistra un incremento do número de prazas ofertadas en relación ao pasado ano -do 7,4% en particular-. Tres destinos mantéñense en cifras parellas mentres que os tres restantes amosan caídas moi suaves, pouco perceptibles -de entre o 1% e o 2% en todos os casos-.
- O comportamento da demanda neste contexto de evolución da oferta dispoñible tradúcese nunha variación algo dispar dos niveis de ocupación hoteleira, na liña do observado do lado das pernoctacións. Así, aprécianse melloras en cinco destinos entre os que destaca a cidade de A Coruña -onde se rexistra un incremento de case 13 puntos porcentuais-. Mellora tamén en Lugo e Ourense -en algo máis de catro puntos- e en Santiago e Pontevedra -preto de dous puntos en ambos casos-. Pola contra descende o nivel de ocupación en Vigo -en case sete puntos- e en Ferrol -en algo máis de oito puntos neste caso-.
- Cun 60,0% de media Santiago rexistra neste cuarto mes de 2025 a porcentaxe de ocupación máis elevada dos destinos urbanos de Galicia -circunstancia que acontece por vez primeira nos últimos meses, substituíndo a Ourense que rexistrou a porcentaxe máis alta en xaneiro e marzo, e a A Coruña que liderou o ranking en febreiro-, recuperando desta maneira o liderazgo na temporada media. Os restantes destinos rexistran unha ocupación media inferior e variable destacando A Coruña cun 56,0% e Ourense cun 52,4%. No lado oposto rexistran as cifras máis baixas Vigo -cun 35,2%- e Ferrol -cun 34,9% neste caso-.
- No conxunto dos destinos urbanos de Galicia o nivel de ocupación hoteleira sitúase no 50,5%, dez puntos por encima da media da comunidade. Mellora en dous puntos a porcentaxe do pasado ano se ben mantense levemente por debaixo da cifra de 2023 e 2019.
- As tarifas hoteleiras acadan os 85,4 euros de ingreso medio por habitación ocupada en Santiago, destino que por cuarta vez consecutiva desde outubro do pasado ano rexistra o nivel máis elevado -substituíndo a Vigo, destino que presenta as tarifas máis altas no final de 2024-. As restantes cidades presentan cifras inferiores -con algunhas diferenzas-, cun valor máis parello xustamente A Coruña -que rexistra 71,2 euros-. Lugo marca o valor máis baixo con 57,1 euros de media neste caso.
- Os prezos medios incrementáronse en todas as cidades neste mes de abril, con intensidade variable. A suba máis notable e destacada localízase en Lugo, onde se superan nun 27% as tarifas medias do pasado ano. En A Coruña apréciase tamén un crecemento importante, do 20%, ficando as restantes tres cidades con subas máis moderadas -do contorno do 10% Santiago e Vigo, e do 7% en Ourense-.




- En termos de rendibilidade -RevPAR hoteleiro- obsérvanse melloras tamén en todos os destinos urbanos de Galicia, con subas máis notables e destacadas en A Coruña -do 36%- e en Lugo -do 23% neste caso-. Mellora tamén o nivel de rendibilidade hoteleira nas tres restantes cidades -arredor dun 8% en Ourense e preto dun 6% en Santiago e Vigo-.
- A mellora dos niveis de rendibilidade nas cidades consideradas prodúcese pola combinación positiva de crecemento da ocupación e das tarifas hoteleiras. Marca a excepción Vigo pois esta mellora débese unicamente ao incremento das tarifas hoteleiras.
- Santiago é tamén neste caso o destino urbano que presenta o nivel de rendibilidade hoteleira máis elevado agora en abril -o RevPAR sitúase no contorno dos 57 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-. Nun segundo grupo sitúase A Coruña -con 45,6 euros- e Ourense -con 40,1 euros-, por diante de Vigo -con 31,7 euros- e Lugo -con 29,4 euros de media neste caso-.
- En termos de emprego obsérvase un leve incremento do número de traballadores no segmento hoteleiro das cidades de Galicia en relación ao pasado ano -do 2,0%- colocando o volume final en algo máis de 2.700 neste mes de abril.
- Este crecemento concéntrase principalmente en tres cidades: Lugo, Pontevedra e Vigo -que rexistran subas de entre o 5% e 8% interanual-. O número de empregados no sector hoteleiro apenas varía en Ferrol e Santiago, e descende unicamente en A Coruña -nun 2,4%- Ourense -nun 3,2% neste caso-.


Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, abril 2025




Variación da demanda turística nas cidades. Noites abril 2025/24



Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Abril 2025




Nivel de ocupación e variación interanual. Abril 2025







Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, abril 2025



Variación demanda turística, por procedencia. Noites, abril 2025/24



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Abril 2025



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Abril 2025

